



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ceip.isidro.parga@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/>

[ceipisidroparga](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisidroparga)



PROXECTO LINGÜÍSTICO

2020-2024

| | | |
|-----|--|----|
| 1 | INTRODUCCIÓN..... | 3 |
| 2 | MARCO LEGAL..... | 4 |
| 3 | CONTEXTUALIZACIÓN..... | 5 |
| 4 | ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA..... | 6 |
| 5 | O CURRÍCULO E AS LINGUAS: CARA UN CURRÍCULO INTEGRADO..... | 8 |
| 5.1 | MARCO XERAL:..... | 8 |
| 6 | O CURRÍCULO E AS LINGUAS: CARA UN CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS..... | 10 |
| 7 | METODOLOXÍA..... | 12 |
| 7.1 | CRITERIOS METODOLÓXICOS BÁSICOS E COMÚNS..... | 12 |
| 7.2 | TRATAMENTO DE CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACION SIMILARES..... | 14 |
| 8 | OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO..... | 15 |
| 9 | ACTIVIDADES PROPOSTAS..... | 16 |
| 10 | MEDIDAS DE APOIO E REFORZO AO PLURILINGÜISMO..... | 17 |
| 11 | MEDIDAS PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS E PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO..... | 17 |
| 12 | ACTIVIDADES PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS..... | 21 |
| 13 | ESTRATEGIAS DE APRENDIZAXE PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS..... | 26 |
| 14 | PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO..... | 27 |
| 15 | VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA..... | 27 |
| 16 | AVALIACIÓN..... | 28 |
| 17 | PROPOSTAS DE MELLORA..... | 30 |
| 18 | ANEXO: PROXECTO PLURILINGÜE | |



1 INTRODUCCIÓN

Está demostrado que un neno/a que aprende diferentes idiomas desenvolve mellor os seus procesos cognitivos. Isto supón unha vantaxe para ampliar a capacidade de razoamento e pensamento. Ser quen de pensar en diferentes linguas enriquece a comprensión de conceptos e axúdanos a ampliar os recursos de establecemento de asociacións entre conceptos distintos. En definitiva, ofértase unha máis ampla galería de oportunidades para pensar nas diferentes linguas o que contribúe á súa adquisición.

O CEIP Isidro Parga Pondal, sendo consciente da anterior premisa, solicitou no curso 2010-2011 a súa participación no Proxecto Plurilingüe, aproveitando a concorrencia de cinco profesoras definitivas e especialistas en Inglés (dúas adscritas á Idioma estranxeiro e tres como mestras de Primaria).

Ademais, consideramos que as linguas son un elemento básico de identidade cultural e conforman, cada unha delas, unha forma de ver a realidade, de vivir e de pensar sendo todas elas merecedoras de respecto, independentemente do seu status social. Neste sentido, temos que lembrar que o obxectivo educativo primordial é conseguir a igualdade no uso das linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, introducindo a L3 de xeito progresivo coa intención explícita de mellorar a competencia lingüística e preparar ao alumnado para un mellor desenvolvemento persoal e social.

Deste xeito, e tendo en consideración:

- que vivimos nun mundo plural e cada vez máis aberto, e
- que recibimos alumnado doutras nacionalidades,

o noso Colexio decidiu acollerse durante o curso 2010-2011 á Orde do 30 de xuño de 2010, pola que se regulan experimentalmente os Centros Plurilingües.

O noso proxecto lingüístico ten como finalidade o desenvolvemento da Lei de Normalización lingüística 3/1983 e máis concretamente do Decreto 79/2010, do 20 de maio, onde se regulan as medidas adoptadas de cara á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio,



propiciando a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar.

No artigo 14, do Decreto 79/2010 establécese que cada centro elaborará o seu Proxecto lingüístico cada catro anos e que este formará parte do seu PEC. Tendo acabado o período 2015-2019, realízase a renovación deste proxecto.

O Equipo que remodela este Proxecto, (con validez dende 2020 ata 2024), está composto polo EDLG, EAEC e Proxecto Plurilingüe.

2 MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

1. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística. (DOG. 14/07/1983).
2. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG. 25/05/2010).
3. Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG. 23/06/2009)
4. Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG. 09/09/2014)
5. Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.



3 CONTEXTUALIZACIÓN

DATOS DO CENTRO:

| | |
|-----------------|--|
| NOME DO CENTRO | CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal |
| ENDEREZO | Rúa do Saber, s/n CP:15179, Liáns. Porto de Sta. Cruz (Oleiros) A Coruña. |
| TELÉFONO | 881.880.802. |
| CÓDIGO | 15025670 |
| Nº DE UNIDADES | Dúas aulas por nivel en todos os cursos desde Infantil a Primaria. Total: 18 unidades. |
| TIPO DE XORNADA | Única |
| PÁXINA WEB | www.edu.xunta.es/centros/ceipisidroparga |

DATOS DO ALUMNADO:

| CURSO | A | | B | | TOTAL | | TOTAL | TOTAL |
|--------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|--------------|------------|
| | M | H | M | H | CURSOS | NIVEL | | |
| | | | | | A | + | B | |
| 4º INFANTIL | 11 | 14 | 12 | 12 | 25 | 24 | 49 | 143 |
| 5º INFANTIL | 12 | 11 | 12 | 11 | 23 | 23 | 46 | |
| 6º INFANTIL | 12 | 12 | 10 | 14 | 24 | 24 | 48 | |
| 1º PRIMAR. | 14 | 10 | 12 | 13 | 24 | 25 | 49 | 95 |
| 2º PRIMAR. | 9 | 14 | 12 | 11 | 23 | 23 | 46 | |
| 3º PRIMAR. | 14 | 12 | 12 | 12 | 26 | 24 | 50 | |
| 4º PRIMAR. | 12 | 13 | 12 | 13 | 25 | 25 | 50 | 98 |
| 5º PRIMAR. | 11 | 14 | 10 | 15 | 25 | 25 | 50 | |
| 6º PRIMAR. | 12 | 12 | 12 | 12 | 24 | 24 | 48 | |
| | | | | | | | TOTAL | 436 |



DATOS DO PROFESORADO:

En Ed. Infantil a totalidade do profesorado é definitivo, contamos con 6 titoras e dúas mestras de apoio.

En Ed. Primaria, hai 29 profesores/as definitivos/as e 3 provisionais, dos cales un é compartido con outro centro.

PERSOAL NON DOCENTE:

O noso centro conta cunha coidadora, unha administrativa e un conserxe.

Tamén contamos con persoal de limpeza que dependen do Concello.

4 ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

O CEIP “Isidro Parga Pondal” áchase en Santa Cruz, no Concello de Oleiros (A Coruña). A zona de escolarización abrangue as parroquias de San Martiño de Dorneda e Santa Eulalia de Liáns.

Atópase nun concello que conta cunha elevada densidade de poboación.

Asemade conta coa presenza de inmigrantes doutros lugares de España e incluso doutros continentes, os cales achegan un alumnado con particularidades que dificultan a comunicación nalgunha das linguas , punto a ter moi en conta para a nosa programación.

Atopámonos nunha zona cun nivel económico medio alto e que está moi castelanizada.

ALUMNADO

Case a totalidade do alumnado chega ao centro falando exclusivamente castelán, lingua habitual nas súas casas ou polo menos habitual cando se dirixen a eles.

Un feito observado polos profesores é que os nenos/as que entran no colexio sendo galego falantes, van perdendo o uso cotiá desta lingua e incorporando no seu lugar o castelán.

Outro feito a salientar é a constante chegada de cativos/as tanto doutras comunidades coma do estranxeiro. Isto pódese constatar cos seguintes datos sobor do alumnado procedente doutros países:

| PROCEDENCIA | Nº ALUMNOS |
|---------------|------------|
| Venezuela | 9 |
| Guatemala | 1 |
| Países Baixos | 1 |
| Brasil | 1 |
| Ucrania | 1 |
| Vietnam | 1 |

Á vista dos resultados obtidos na Enquisa Sociolingüística realizada en anos anteriores, sinalamos os datos mais relevantes:

- A lingua predominante nas familias é o castelán nun 76% dos casos.
- A actitude lingüística pode considerarse positiva xa que un 76% das familias consideran axeitada a adquisición de dúas ou máis linguas.

Debido á situación do estado de alarma COVID19, no momento en que se está a elaborar este proxecto, queda pendente a realización dun estudo sociolingüístico baseado na recompilación de datos actualizados.

PROFESORADO

Igual que no apartado anterior, queda pendente a actualización dos datos.

Os datos que temos de anos anteriores con respecto ao profesorado, son os seguintes:

- Un 31 % do profesorado do centro emprega maioritariamente o galego como lingua habitual e un 10% úsao especialmente nas actividades docentes. Ademais, un 63% utiliza ambas linguas nas actividades docentes.



- Un 37 % do profesorado considera que a súa capacitación para empregar o galego é alta, un 42% cre que media contra un 21% que a considera baixa.
- En canto á actitude lingüística, é moi positiva xa que un 100% cre que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece.

CENTRO

A presenza da lingua galega na documentación administrativa do centro, notas informativas do taboleiros, etc. é plena. Tamén é total o emprego do galego nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións.

A biblioteca do colexio está dotada dun fondo en galego que consideramos bo.

Dende hai varios cursos levamos a cabo, dentro do Plan Lector, a hora de lectura. Durante vinte minutos todos os días practicamos dentro da aula. Na biblioteca de aula e de centro hai oferta de libros nas tres linguas para que o alumnado poida facer uso dos mesmos nesta sesión.

En canto ao inglés, queremos salientar a súa inclusión nas materias de ensino coa introdución do mesmo na área de Plástica en todos os niveis. Mesmo se rotularon nesta lingua as diferentes dependencias do Centro.

Decídese utilizar a lingua castelá por:

- por ser a lingua materna predominante no alumnado.
- a realidade sociolingüística na que están inmersos.

5 O CURRÍCULO E AS LINGUAS: CARA A UN CURRÍCULO INTEGRADO

5.1 MARCO XERAL:

Segundo os Artigos 4º, 5º e 6º do Capítulo III do Decreto 79/2010 do 20 de maio que regula o plurilingüismo no ensino non universitario, as dúas linguas oficiais de Galicia deben gardar equilibrio respecto das horas



semanais e das materias impartidas apuntando, deste xeito, á igualdade das mesmas. Así mesmo, refórzase a promoción do plurilingüísmo baixo a adquisición dun “coñecemento efectivo” en linguas estranxeiras.

A lingua materna predominante das familias é a lingua castelá cunha presenza da lingua galega moi minoritaria. Á vista desta situación, e tal e como se indica no artigo 5º para E. Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante (castelán) arbitrando medidas para a adquisición da outra lingua oficial (galego neste caso). Deste xeito, e como medida máis relevante para impulsalo, aos alumnos de Educación Infantil impárteselles un obradoiro de contos en galego ao longo de todo o curso.

En canto á E. Primaria, seguindo o artigo 6º do Decreto 79/2010, as materias impartidas en galego e castelán deben distribuírse de forma equitativa respectando os seguintes requisitos:

- 1) Que as materias de lingua se impartan no seu idioma
- 2) Que Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais se impartan en galego
- 3) Que as Matemáticas se impartan en castelán
- 4) Que o resto das materias teñan as mesmas porcentaxes de horas semanais quedando no noso Centro escolar do seguinte xeito -este acordo será revisado cada catro anos.

Lingua na que se impartirán as distintas materias

| | 1º Nivel | 2º Nivel | 3º Nivel | 4º Nivel | 5º Nivel | 6º Nivel |
|------------------------------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|
| Lingua Castelá e literatura | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá |
| Lingua Galega e literatura | L. Galega | L. Galega | L. Galega | L. Galega | L. Galega | L. Galega |
| Lingua | L. | L. | L. | L. | L. | L. |

| | | | | | | |
|--|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| estranxeira | Inglesa | Inglesa | Inglesa | Inglesa | Inglesa | Inglesa |
| Ed. artística - Plástica | L. Inglesa | L. Inglesa | L. Inglesa | L. Inglesa | L. Inglesa | L. Inglesa |
| Ed. artística - Música | L. Galega | L. Galega | L. Galega | L. Galega | L. Galega | L. Galega |
| Educación Física | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá |
| Matemáticas | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá |
| Ciencias Naturais e Sociais | L. Galega | L. Galega | L. Galega | L. Galega | L. Galega | L. Galega |
| Valores e Relixión | L. Galega | L. Galega | L. Galega | L. Galega | L. Galega | L. Galega |
| Libre configuración | | | L. Castelá | | | L. Galega |

6 O CURRÍCULO E AS LINGUAS: CARA UN CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS

Entendemos por currículo integrado das linguas un documento que integre as linguas de referencia no Centro (neste caso: castelán como L. materna para a maioría; galego como lingua cooficial e inglés como Centro Plurilingüe) e estableza as bases sobre as que artellar os seguintes puntos:

- a. Coherencia metodolóxica: establecemento dunha metodoloxía común.
- b. Acordos para o reforzo das linguas.
- c. Perfeccionamento dos diferentes niveis competenciais de cada unha das linguas: valoración e desenvolvemento dos repertorios

lingüísticos dos falantes; mellor dominio do código oral e escrito entendendo por isto:

- i. A produción oral (falar)
 - ii. A produción escrita (escribir)
 - iii. A comprensión oral e audiovisual (ver a TV, escoitar unha canción, unha conferencia, un programa de radio, videoconferencias, etc.)
 - iv. A comprensión escrita (ler)
 - v. A interacción oral (participar nunha conversación, nun debate, etc.)
 - vi. A interacción escrita en tempo real: foros da Internet e “chats”.
- d. Enriquecemento interlingüístico aproveitando o que cada unha das linguas pode aportar ás demais, as similitudes (para reforzar o nexo de unión) e as diferenzas (para valorar as súas particularidades).
- e. Traballo por proxectos no que se integren as diferentes linguas e fomento do pensamento indutivo, da investigación, da análise e da reflexión.
- f. A transferencia das aprendizaxes dunha a outra lingua.
- g. Centrarse no alumno/a como individuo que comunica e desenvolve as súas propias estratexias de aprendizaxe; como ser social ao que hai que facilitarlle a integración e como ser que afirma a súa personalidade. Tamén porque debemos partir do seu nivel de desenvolvemento e das súas aprendizaxes, intereses, necesidades e expectativas. Isto fará da aprendizaxe algo significativo, o que lle permitirá ao alumnado comprobar e analizar o interese e utilidade do aprendido.
- h. As destrezas traballaranse de forma integrada tomando como guía o modelo comunicativo da realidade, compensando as carencias competenciais na lingua estranxeira co

desenvolvemento doutras estratexias comunicativas e a transferencia das da lingua materna.

- i. Recoméndase a exposición directa e natural ás linguas (inmersión lingüística), a un uso auténtico das mesmas tanto na súa escoita como na súa produción.

Para conseguir todo isto, propónse o establecemento dunha reunión como mínimo a principios de cada curso, na que se artellen obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía, medidas de reforzo e temporalización entre as especialistas de lingua estranxeira e os/as titores. Para facer unha revisión e avaliación do acadado, suxírese facer como mínimo unha reunión trimestral.

7 METODOLOXÍA

7.1 CRITERIOS METODOLÓXICOS BÁSICOS E COMÚNS

As metodoloxías actuais, acordes co desenvolvemento do plurilingüísmo, presentan a ensinanza das linguas do seguinte xeito:

- Metodoloxía integradora e activa, coa participación plena dos alumnos/as que serán tamén deseñadores do seu propio proceso.
- Poñendo o acento na actividade oral.
- Dando menos importancia ás actividades gramaticais.
- Procurando que o que se aprenda sexa incorporado e posto en práctica.
- Acercándose aos modos espontáneos de adquisición das linguas.
- Non considerando como único obxectivo lexítimo o lograr a competencia dun nativo.
- Emprego de fontes reais afondando nun uso práctico e funcional das linguas e no enfoque predominantemente comunicativo das mesmas.
- Procurarase a paulatina incorporación do Portfolio Europeo das Linguas.

- Fomentar actividades variadas e flexibles con diferentes graos de resolución.
- Diversificar as linguaxes de apoio para a presentación de nova información ao alumnado.
- Construír un clima de aceptación, confianza e seguridade.
- Diversificar as formas de organización e agrupamento do alumnado así como a estruturación e usos do espazo e o tempo.
- Considerando esencial desenvolver a competencia de aprender a aprender, potenciando a adquisición das linguas de xeito reflexivo e autónomo.
- Atendendo aos diferentes estilos de aprendizaxe do alumnado e, igualmente, aos diferentes ritmos.

Baseándonos nestas reflexións metodolóxicas, propoñemos as seguintes orientacións:

- Favorecer as actividades de tipo cooperativo en parellas ou en grupos, reducindo o tempo de actuación do profesorado, e intentando que o alumnado estea activo durante a maior parte do tempo na clase.
- Para o tratamento dos erros, usar o criterio de intelixibilidade para promover unha corrección positiva e variada.
- Intentar conectar os aspectos lingüísticos entre diferentes sesións, ou dedicar tempo á súa revisión ao principio da mesma. Desta forma conseguimos relacionar os novos coñecementos cos coñecementos e as experiencias previas do alumnado, ligando os novos conceptos co xa aprendido. A consolidación e interiorización dos aspectos lingüísticos descansan sobre todo na revisión e a repetición dos mesmos con propósitos diversos e en situacións comunicativas diferentes.
- Fomentar o interese do alumnado coa creatividade, variación, a innovación e a orixinalidade.

- Usar os recursos que nos ofrecen as novas tecnoloxías coa posibilidade de acceder a material auténtico, variado e atractivo para o alumnado.
- Introducir os conceptos novos mediante a utilización de diferentes estratexias.
- Seleccionar e secuenciar as actividades de acordo coas habilidades cognitivas e lingüísticas do alumnado.
- En E. Infantil suxerimos as seguintes estratexias: o xogo, a mímica, “flashcards”, contos, cancións e rimas, actividades de rutina e manualidades.
- Na E. Primaria propoñemos especialmente a dramatización e o emprego de fontes reais, sen ter que desbotar as anteriormente citadas.

7.2 TRATAMENTO DE CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACION SIMILARES

Tanto as linguas oficiais (galego e castelán) como a lingua estranxeira comparten as mesmas dimensións comunicativas: son a canle de coñecementos e ideas pero tamén unha forma de asimilar contidos á vez que se adquiren habilidades para comunicarse noutra lingua. Pero ademais debe fomentarse a promoción de situación comunicativas específicas para o que debe contarse co especialista na lingua estranxeira de xeito que se prevean as necesidades do alumnado e este lles ofrezca os recursos necesarios para solventalas con anterioridade, incluíndo a práctica de todas as destrezas.

Igualmente as aprendizaxes nun idioma deben servir de punto de referencia cara ao outro que, á súa vez, as reforzará.

Por outra banda, hai que sinalar a importancia de tratar os contidos similares e de artellar un sistema de avaliación con criterios semellantes para as tres linguas, tema que, sen dúbida, debe ser tratado tanto polos titores como polos especialistas de idiomas de cada nivel ao comezo de cada curso escolar. Os acordos serán recollidos nas Programacións Docentes.



Desde o Equipo Lingüístico recoméndase para esta tarefa o uso dos descritores que aparecen no Marco Europeo de Referencia para as Linguas.

8 OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO

- 1) Lograr unha actitude positiva da comunidade educativa a favor da dinamización plurilingüe.
- 2) Utilizar as linguas como instrumento de comunicación, de representación, de aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos valorando a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- 3) Adquirir nas linguas a competencia comunicativa básica que lle permita ao alumnado expresar e comprender mensaxes e desenvolverse en situacións cotiás.
- 4) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas.
- 5) Potenciar o respecto a todas as linguas e culturas.
- 6) Comprometer na tarefa dinamizadora e plurilingüe ao maior número posible de membros da Comunidade Educativa.
- 7) Divulgar entre a comunidade educativa o Proxecto.
- 8) Fomentar o uso das tres linguas en todas as actividades extraescolares e complementarias programadas no Plan Xeral Anual e noutras que xurdan puntualmente durante o curso.
- 9) Servir de órgano consultivo a toda a Comunidade Educativa no referente ás linguas.
- 10) Celebrar festas, certames, concursos e campañas de fomento... do uso das tres linguas sempre que se estime conveniente, en colaboración con outros organismos ou institucións.
- 11) Avaliar o Proxecto lingüístico do Centro.
- 12) Fomentar hábitos de lectura de libros en galego e ampliar os fondos documentais da biblioteca do centro



9 ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Velar polo cumprimento da normativa vixente en canto a que a publicación de que toda a documentación do centro estará en galego.
2. Recital de poesías, cancións ou textos en tódalas linguas.
3. No Día do Libro facer un contacontos sendo os do ciclo superior os que preparen un contiño para os máis pequenos, como padriños/madriñas lectores/as.
4. Actividade de contacontos nenos/as, avós, avoas, pais, nais, mestres, mestras,...
5. Dramatización de contos co fin de desenvolver a expresión oral.
6. Creación de cadernos de aula onde se recollan cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, vocabulario, fraseloxía,...
7. Visitas de persoas ao centro ou gravacións para coñecer traballos, oficios, xogos tradicionais e outros de actualidade.
8. Dar a coñecer a cultura, gastronomía, xogos e tradicións dos países dos que recibimos alumnado.
9. Aproveitar as saídas ao entorno natural para a adquisición de vocabulario propio da temática.
10. Fomentar o estudo de persoeiros relevantes da cultura, deporte, ciencia,..
11. Celebración das festividadeas propias traballando o aspecto sociocultural de cada lingua.
12. Fomento da lectura nas tres linguas mediante lecturas na aula colaborando co Equipo de Biblioteca, realizando un inventario dos libros co fin de incrementar o número de libros de aula en inglés e buscar o equilibrio entre os libros en galego e en castelán.
13. Crear un listado de páxinas web que amosen actividades de interese nos tres idiomas.
14. Divulgación do Proxecto Lingüístico do Centro a toda a Comunidade educativa.
15. Participación nas diferentes conmemoracións do Centro buscando similitudes das tres culturas.

10 MEDIDAS DE APOIO E REFORZO AO PLURILINGÜISMO

Consideramos que a aprendizaxe doutras linguas axuda a valorar e enriquecer a lingua materna, pero tamén a reflexionar sobre a forma de aprender, sobre a morfoloxía das linguas (establecendo comparacións entre elas) e favorece o recoñecemento de cada lingua como un ben que nos ofrece unha gran riqueza cultural.

Procurarase, sempre que sexa factible, fomentar o emprego das diferentes linguas de xeito natural.

O Equipo do Proxecto Lingüístico propón entre outras as seguintes medidas:

- * Publicacións dun xornal dixital no que se emprega exclusivamente a lingua galega.

- * Mercar publicacións de calquera tipo (didáctico, divulgativo, de ocio...) nas diferentes linguas.

- * Intentar establecer redes de colaboración con outros centros educativos para traballar conxuntamente en prol do plurilingüismo.

- * Maior emprego do material audiovisual tan eficaz na aprendizaxe das linguas e na motivación do alumnado.

- * Promover un meirande incremento do uso das diferentes linguas en situacións reais, cotiás, ofertando un contexto natural para o desenvolvemento dos idiomas e empregando os medios de comunicación de masas dos que dispón o centro con vistas a facilitar a práctica das linguas.

11 MEDIDAS PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS E PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO

Dada a diferenza nos niveis competenciais referidos ás linguas entre o alumnado do noso centro, é necesario ter en conta unha flexibilidade que proporcione as axudas pedagóxicas precisas que mellor se axusten á devandita diversidade da que falabamos. Desta maneira hai que considerar as características persoais e as diferenzas individuais. Aquí queremos salienta que unha parte importante de alumnos estranxeiros que chegan ao noso Centro, teñen poucas ou ningunhas nocións de lingua estranxeira.

O Proxecto Curricular para a aprendizaxe das linguas deberá ser, en consonancia, aberto á diversidade e flexible, respectando as diferenzas individuais. Convértese así en algo dinámico.

Os procesos da aprendizaxe e da ensinanza das linguas, non poden ser nin uniformes nin homoxéneos, xa que cada alumno/a aprenderá segundo o seu ritmo de aprendizaxe, da súa capacidade e dos seus intereses. Requírese, polo tanto, un tratamento didáctico diferenciado para ofrecer canles distintas esquecendo a homoxeneidade cronolóxica.

Propoñemos como puntos esenciais da práctica docente:

- 1) Realizar a inmersión lingüística nas tres linguas.
- 2) Traballar simultaneamente os mesmos contidos nos tres idiomas para o que se precisaría que o profesorado especialista en inglés e os titores dos diferentes niveis, realizasen reunións periódicas, especialmente ao comezo de cada curso (previas ás Programacións Docentes) para aunar criterios.
- 3) É importante que obxectivos, contidos e metodoloxía vaian parellos nas tres linguas para reforzar as aprendizaxes.
- 4) Hai que primar o traballo oral, é dicir, o enfoque comunicativo.

Todo isto concrétase nunhas medidas xerais (recollidas no Plan de Acollida deste Centro) para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas acadese certa competencia nas mesmas:

Cada titor debe deseñar unha serie de obxectivos e contidos que teñan por finalidade o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita nas linguas oficiais da nosa comunidade para o alumnado estranxeiro coa colaboración do Departamento de Orientación. Estes obxectivos e contidos terán un carácter interdisciplinar.

Para desenvolver este tipo de contidos optárase por un enfoque comunicativo na metodoloxía, xa que este respecta a forma natural da aprendizaxe do alumno. As estratexias concretas nas que se fundamentará a

aprendizaxe da nosa lingua pola parte de nenos/as inmigrantes son as seguintes:

- Terase en conta a heteroxeneidade do alumnado estranxeiro.
- Empregaranse distintos tipos de texto (contos, refráns, cancións...) da nosa cultura e da súa cultura de orixe.
- Procurarase unha aprendizaxe simultánea da lingua oral e escrita, tanto de aspectos mecánicos como de comprensión.
- O mestre será un modelo lingüístico para o neno estranxeiro, polo que terá especial coidado en empregar frases sinxelas, acompañar as verbalizacións con apoio visual, repetir correctamente ou sobreentender as frases que o neno emite... Tamén procurará a participación do alumno na clase.

Para a aprendizaxe da lingua galega suxerimos o emprego do programa “Un novo lugar, unha nova lingua”.

O Centro programará unha serie de actividades que faciliten a integración destes alumnos tales como:

- a. Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe destes alumnos, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas, así como os nomes dos obxectos máis usuais da clase e de uso común.
- b. Actividades deportivas que facilitan a relación dos alumnos estranxeiros co resto do alumnado porque non requiren, nun primeiro momento, coñecemento do idioma e facilita a aprendizaxe do mesmo dunha forma lúdica. Aproveitaremos os deportes nos que estes alumnos sexan máis destros.
- c. Actividades plásticas e musicais: Xogos, realización de murais, traballos de presentación visual ou musical, sinxelas representacións...
- d. Actividades culturais tanto para os alumnos como para as familias, para informalos sobre os seus dereitos e a solución de problemas que se poidan encontrar na vida diaria.
- e. Realizar ciclos culturais dedicadas ao coñecemento mutuo das culturas que conviven no centro referentes á artesanía, gastronomía, folclore, etc.

Ademais do proposto polo Departamento de Orientación, desde o Equipo do Proxecto Lingüístico queremos destacar unhas medidas englobadas nos seguintes aspectos:

| | |
|---|--|
| <p>OBXECTIVOS E CONTIDOS</p> <ul style="list-style-type: none"> *En caso de ser preciso, modificar a temporalización de determinados obxectivos e contidos. *Priorizar e secuenciar obxectivos e contidos *Introducir contidos propios das linguas e culturas dos alumnos estranxeiros para favorecer unha aprendizaxe intercultural. | <p>METODOLOXÍA E ACTIVIDADES</p> <ul style="list-style-type: none"> *Aplicar o principio de utilidade para pór de manifesto os beneficios da aprendizaxe das linguas na práctica. *Deseñar actividades ben planificadas e secuenciadas, curtas e con diferentes graos de dificultades. *Elaborar actividades de aprendizaxe cooperativa. *Traballar as linguas de xeito oral e escrito de forma simultánea. *Traballar a comprensión e a expresión fluída. |
| <p>AGRUPAMENTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> *Usar agrupamentos flexibles para acadar diferentes obxectivos que favorezan a aprendizaxe de contidos e a integración social. | <p>PROFESORADO</p> <ul style="list-style-type: none"> *Procurar sempre un traballo cooperativo entre o profesorado que garanta a coherencia e a continuidade dos programas lingüísticos. |
| <p>RECURSOS MATERIAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> *Elaboración de cadernos de reforzo para a aprendizaxe das tres linguas. *Selección e creación de materiais lingüísticos específicos e axeitados a cada tipo de necesidades. *Traballar na creación de recursos desde o Equipo do Proxecto Lingüístico en colaboración co Departamento de Orientación e co | <p>ORGANIZACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> *Establecemento de diferentes tipos de apoios (logo de detectada unha necesidade) sempre que o horario e os espazos o permitan. *A organización do Equipo do Proxecto Lingüístico adaptarase á organización xeral establecida no centro. |

Equipo Plurilingüe en virtude do tempo que se teña.

AVALIACIÓN

*Partir dunha boa avaliación inicial, especialmente no caso do alumnado procedente do estranxeiro e daquel con NEAE.

*A avaliación das linguas debe ser continua, formativa e orientadora.

*No caso de alumnado con ACI nas linguas, seguiranse os criterios de avaliación individualizados establecidos na mesma.

12 ACTIVIDADES PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS

O EDLG cada ano elabora unha proposta de actividades para o fomento da lingua galega que neste curso son as seguintes:

Actividades para expresión e comprensión oral:

- Traballando os contos: narración e lectura de contos.
Responsable: Titoras e mestras colaboradoras en E.I.
Destinatario: todo o alumnado de E.I.
Temporalidade: todo o curso.
- Concurso mensual de adiviñas.
Responsable: EDLG.
Destinatario: Alumnado de primaria.
Temporalidade: Todo o curso.
- Dinamizar a expresión oral a través das imaxes e obxectos, que faciliten e animen aos máis pequenos á construción de frases.
Responsable: Titoras e mestras colaboradoras en E.I.
Destinatario: todo o alumnado de E.I.
Temporalidade: todo o curso.
- Obradoiro de cancións galegas.
Responsable: profesor/a de música.
Destinatario: todo o alumnado de E.I.

Temporalización: todo o curso

- Xogo: “Estas árbores escoitan...”

A entrada do noso centro hai unhas árbores ás que lle encantan as poesías, adiviñas, cantigas e un sen fin de cousas máis. O alumnado será o encargado de colocar nestas árbores todo aquilo que poidan considerar de interese para os seus compañeiros/as, para o profesorado e en xeral para toda a comunidade educativa.

Responsable: EDL e titores.

Destinatario: a comunidade educativa

Temporalidade: todo o curso.

- Contos para os máis cativos: Os nenos/as de 5º lerán aos máis cativos contos elaborados ou versionados por eles mesmos.

Responsables: Profesorado de 5º de Primaria

Destinatario: EI e 1º de Primaria

Temporalización: 2º ou 3º trimestre.

- Actualizar a rotulación das aulas: O equipo de DLG actualizará a rotulación das aulas con imaxes da flora galega.
- Actualizar o blogue de dinamización lingüística.

Responsables: O EDL.

Destinatario: A comunidade educativa.

Temporalización: Todo o curso..

- Elaboración dun audio-conto viaxeiro en galego.

Destinatario: EI e 1º e 2º de Ed. Primaria

Temporalización: 2º e 3º Trimestre

- Dixitalización ou gravación do conto viaxeiro. (Coordinación co equipo Proxecto Lingüístico e o equipo TIC.)

Organizar programas e actividades en galego que teñan como finalidade o fomento da lectura na nosa lingua entre os distintos compoñentes da comunidade educativa.

- Lectura, comentario oral, actividades de exposición de traballos realizados sobre os libros que se traballen nas distintas aulas.

Responsable: Os titores e o EDL.

Destinatario: Todo o alumnado.

Temporalidade: Todo o curso.

- Celebración do día da poesía no día de Rosalía. O equipo en colaboración coa Biblioteca do Centro repartirá nas clases material impreso con poemas de Rosalía. A actividade consistirá en coñecer poemas, lelos e memorizalos (a ser posible) para logo ir a outra clase a recitalos. A clase que fixo de oínte terá que ir a outra clase e así continuar a cadea.

Responsables: Os titores e o EDL

Destinatario: Ed. Primaria

Temporalidade: 2º Trimestre/incluindo a celebración do 24 de febreiro

- Colaborar coas Bibliotecas do Concello e do centro nas actividades programadas.

Responsable: Equipo de Biblioteca e o EDL.

Destinatario: Todo o alumnado.

Temporalidade: Todo o curso.

Concurso de Nadal.

- Concurso anual de tarxetas de Nadal no que se premia a ilustración e o texto en galego. A tarxeta resultante lévase ao prelo e envíase ás familias para felicitar o Nadal.

Responsable: Os titores e o EDL.

Destinatario: Todo o alumnado.

Temporalidade: Mes de decembro.

Calendario personaxes relevantes no deporte galego

Entre todo o alumnado do centro realizarase un calendario con imaxes, debuxos, biografía ...de personaxes relevantes no deporte galego, dado que o centro este curso terá como temática principal “ Os xogos olímpicos”. Desta forma todas as aulas terán un calendario do 2020.

O conto viaxeiro.

Como cada ano, realizarase un conto entre os alumnos de E. Infantil e os alumnos de 1º e 2º de E. Primaria. A temática proposta e o desenlace realizarano os alumnos de 2º, o nó do conto desenvolverano os alumnos de educación infantil e os de primeiro.

Responsable: As tiores de Infantil e as de 1º e 2º de primaria, equipo de Biblioteca e o EDL, coa colaboración do Equipo TIC e o Equipo Plurilingüe.

Destinatario: Alumnos de Infantil e 1º e 2º de Primaria

Temporalidade: Segundo trimestre.

Interaccionando coas familias

Propoñemos ás familias, por un lado a recompilación de cantigas de xogos, de botar a sortes, de corda, de palmas,... e por outro lado receitas típicas galegas das distintas celebracións ao longo do ano (magosto, entroido,...) Tanto as cantigas como as receitas serán recollidas para exposición e tamén dixitalizadas na web e no blogue.

Responsable: EDLG

Destinatario: comunidade escolar

Temporalización: Todo o curso

Participación nas diferentes conmemoracións do Centro, contribuíndo á súa galeguización.

- Magosto.

Lembrando o Samaín: Exposición de debuxos, cabazas e cestas de outono decoradas. Agasallo dun conto en galego por aula pola súa participación.

Responsable: Os/as tiores/as e o EDL.



Destinatario: Toda a comunidade educativa.

Temporalidade: Meses de outubro e novembro.

Realización de cucuruchos e degustación de castañas.

Responsable: Os/as titores/as, equipo de Actividades
Extraescolares e o EDL.

Destinatario: Toda a comunidade educativa.

Temporalidade: Mes de novembro.

- *Día das Letras Galegas.*

Recompilación de información e material acerca do autor
homenaxeado: Ricardo Carvalho Calero

Responsable: O EDL.

Destinatario: Todo o profesorado e alumnado do centro.

Temporalidade: Terceiro trimestre.

Elaboración de propostas de actividades, por cursos, para
ser traballadas nas aulas.

Responsable: O EDL.

Destinatario: Claustro de profesores e alumnado do
centro.

Temporalidade: Terceiro trimestre.

Breve biografía do autor.

Responsable: O EDL en colaboración coas titoras de 6º.

Destinatario: Claustro de profesores e alumnado do
centro.

Temporalidade: Terceiro trimestre.

Elaborar murais, proxectar vídeos e realizar actividades sobre o
autor homenaxeado.

Responsable: O EDL

Destinatario: Comunidade escolar.

Temporalidade: Mes de Maio.

Edición da revista escolar “Papaventos”.

Responsable: O EDL e TIC



Destinatario: Comunidade escolar.

Temporalidade: Mes de Maio.

13 ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS

Consideramos que a aprendizaxe doutras linguas axuda a valorar e enriquecer a lingua materna, pero tamén a reflexionar sobre a forma de aprender, sobre a morfoloxía das linguas (establecendo comparanzas entre elas) e favorece o recoñecemento de cada lingua como un ben que nos ofrece unha gran riqueza cultural.

Procurarase, sempre que sexa factible, fomentar o emprego das diferentes linguas de xeito natural.

O Equipo do Proxecto Lingüístico propón entre outras as seguintes medidas:

- Publicacións nas tres linguas: elaboración dun xornal dixital que recolla noticias referidas ás tres linguas.
- Mercar publicacións de calquera tipo (didáctico, divulgativo, de ocio...) nas diferentes linguas.
- Establecer redes de colaboración con outros centros educativos para traballar conxuntamente en prol do plurilingüísmo.
- Maior emprego do material audiovisual tan eficaz na aprendizaxe das linguas e na motivación do alumnado.
- Promover un meirande incremento do uso das diferentes linguas en situacións reais, cotiás, ofertando un contexto natural para o desenvolvemento dos idiomas e empregando os medios de comunicación de masas dos que dispón o centro, tales como revista dixital, bitácoras...con vistas a facilitar a práctica das linguas.
- Traballar para vencer prexuizos cara ao galego e para promover actitudes favorables na súa utilización na escola.



- Promover a interacción entre a escola e o seu entorno, para posibilitar máis recursos a prol da normalización do galego.
- Ampliar, dentro das nosas posibilidades, os espazos de uso do galego nos distintos ámbitos (deportivos, lúdicos, relacionados coas TIC,...)
- Garantir a mellora da oferta de materiais didácticos en distintos soportes que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe

14 PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

O alumnado con necesidades educativa específica de apoio educativo recibe un reforzo educativo por parte da súa titor/a . O ensino pretende así adaptarse ao seu ritmo e necesidades específicas. Este alumnado dispón tamén de profesorado de AL e PT que apoian na aula e en algunha ocasión fóra dela.

Con este alumnado funcionan moi ben as actividades motivadoras, repetitivas como as rimas, os contos, as cancións, etc. Procuramos utilízalas para a adquisición de vocabulario e novas estruturas en calquera das linguas.

Nas aulas con varios alumnos/as con necesidades deste tipo e sempre que fose posible deberíase intentar facer desdoble de aulas se así o estima o Departamento de Orientación.

A área de inglés é contemplada na LOMCE como unha asignatura troncal de modo que aconsellamos a incorporación de apoios nos niveis nos que faga falla e tendo en conta a disponibilidad de horario do profesorado con especialidade en inglés.

15 VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Cada curso o EDLG presentará a principios de curso un proxecto que levará á práctica e que se verá avaliado na memoria final de curso.

Estas actividades terán como finalidade última, o emprego satisfactorio e normalizado do galego para que se perciba como un factor de identidade. Mediante estas actividades motivadoras buscamos, ademais do divertimento para todos e todas, un medio para fomentar o uso da nosa lingua.

Persequimos que o alumnado se sinta identificado coa nosa lingua e comprendan a súa importancia e a empreguen, tanto nos momentos de traballo coma nos de lecer.

No desenvolvemento das actividades acádase un amplo nivel de participación e implicación de toda a comunidade educativa. Pódese dicir que os obxectivos para a normalización da lingua galega foron acadados pero non foi así nos obxectivos para a dinamización. Non se observou o aumento de galego falantes a nivel coloquial o cal constituía un dos obxectivos a traballar. Consideramos que debemos facer unha reflexión sobre este problema formulando para o vindeiro curso obxectivos e actividades realistas tendo en conta o entorno castelán falante no que nos encontramos. A dotación económica tampouco nos parece suficiente xa que non permitiu facer actividades máis amplas ou adquirir materiais innovadores ou relacionados coas novas tecnoloxías.

16 AVALIACIÓN

Este proxecto será revisado anualmente e valorado na memoria final con propostas cara o vindeiro curso.

- A avaliación deste Proxecto contará coa participación das seguintes persoas:
- Claustro de profesores do Centro: avaliará o proceso en tanto en canto son deseñadores da concreción do mesmo para os seus propios alumnos.
- Alumnado e familias. A súa participación sérvenos de guía para avaliar o éxito das actividades que propoñemos.
- Equipo do Proxecto Lingüístico: realizará unha valoración interna e analizará os resultados recollidos polo resto das persoas implicadas,

servindo a mesma como punto esencial para o arranque do traballo do curso seguinte.

CRITERIOS PARA AVALIAR O PROXECTO LINGÜÍSTICO

| ASPECTOS A AVALIAR | | | |
|---|----|-----|---------------|
| | SI | NON | A MELLORAR |
| <p>O PROXECTO</p> <p>Adecúase o Proxecto á realidade do Centro?</p> <p>Están relacionados os OBXECTIVOS e as ACTIVIDADES?</p> <p>Son axeitados os CRITERIOS DE AVALIACIÓN?</p> <p>As actividades foron operativas?</p> <p>A METODOLOXÍA propiciou o desenvolvemento das competencias lingüísticas?</p> <p>O Proxecto é coherente?</p> <p>Parten as ACTIVIDADES do nivel e intereses do alumnado?</p> | | | |
| <p>OS RESULTADOS</p> <p>Os obxectivos programados foron conseguidos?</p> <p>O desenvolvemento das competencias básicas foi satisfactorio?</p> | | | |

| | | | |
|---|--|--|--|
| <p>A PROPIA AVALIACIÓN</p> <p>Os criterios de avaliación son congruentes cos OBXECTIVOS e cos CONTIDOS?</p> <p>Resultaron suficientes os INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN?</p> <p>Foi suficiente a coordinación e colaboración entre o Equipo do Proxecto Lingüístico e o resto do Claustro?</p> | | | |
| <p>OUTRAS ACCIÓNS DO PROXECTO</p> <p>Desenvolveuse o Proxecto de acordo co que se propuxo para o ciclo?</p> <p>Houbo colaboración con outros Equipos de Dinamización?</p> | | | |
| <p>Observacións:</p> | | | |

17 PROPOSTAS DE MELLORA

- Traballar co Equipo de Dinamización da lingua galega para axudar na consecución dos obxectivos que se propoñan.
- Facer actividades para potenciar as Linguas Galega e Inglesa, especialmente de tipo oral como:
 - Anuncios en galego.
 - Xogos en galego durante o recreo.
 - Pensar na maneira de optimizar o horario da auxiliar de conversa,
 - Reducir o número de alumnos por grupo para que, polo menos se adique unha sesión en cada grupo só á conversa.

- Producir obradoiros por niveis adicados aos diferentes apartados a traballar en cada unha das linguas (composición/gramática/ vocabulario...).
- Aunar criterios de avaliación, metodoloxía e contidos de forma que cada lingua sirva de reforzo para as demais.
- Continuar a colaboración co Equipo Plurilingüe.

18 ANEXO: PROXECTO PLURILINGÜE

18.1 CONTEXTUALIZACIÓN

O Equipo Plurilingüe do centro está formado polos mestres Martiño Riera Rodríguez, Alba Suárez Varela en substitución de Verónica González, M^a Emiliana Russi Cabalar, a auxiliar de conversa Safiyyah Muhammad e a mestra especialista en inglés Belén Suárez que coordinou este proxecto.

Martiño Riera posúe a especialidade de inglés e ademáis de atender á súa titoría de 1º A impartiu a materia de educación artística, plástica, en inglés nos cursos de 3º e 4º de Educación Primaria.

Alba é especialista en inglés e ademais de ser titora do grupo de 5ºb impartiu a plástica en inglés a 5º e 6º.

M^a Emiliana Russi é especialista en Audición e Linguaxe e ten o certificado B2 e imparte a plástica en inglés en 1º e 2º

A auxiliar de conversa británica, Safiyyah Muhammad, comezou a traballar connosco en outubro e finalizou o seu traballo no colexio o 31 de maio. Ten 17 horas de traballo na aula a semana máis unha de coordinación. Este é o primeiro ano no centro e ten a intención de renovar destino no centro. Cubriu o seu horario coas clases de plástica de todos os cursos de Primaria, dúas horas en inglés de 6º e outras dúas en 5º e 6º de E.I O alumnado que participou neste proxecto foi o seguinte:

- 49 alumnos do Primeiro Curso de Educación Primaria distribuídos en dous grupos de 24 e 25 respectivamente.
- 46 alumnos de 2º curso repartidos en dous grupos de 23 cada un.
- 50 alumnos de 3º curso repartidos e e 24 alumnos/as.

- 50 alumnos de 4º repartidos en dous grupos de 25.
- 50 alumnos de 5º repartidos equitativamente en dous grupos de 25.
- 46 alumnos de educación infantil de 5º curso repartidos en dous grupos de 23.
- 48 alumnos de educación infantil de 6º curso repartidos en dos grupos de 24.

18.2 METODOLOXÍA

De acordo co Marco Común Europeo para a ensinanza de linguas, empregamos un enfoque comunicativo, é dicir, utilizamos a lingua para desenvolver os seus coñecementos.

Neste caso, o inglés foi a lingua para a aprendizaxe na área de Plástica. A lingua non é un fin en si mesmo senón un instrumento ao servizo da aprendizaxe.

Seguindo as actuais teorías sociolingüísticas, a adquisición dunha segunda lingua segue procesos similares aos da adquisición da lingua materna. Aprenden a desenvolver a súa capacidade de comunicarse grazas a estaren inmersos nas situacións de comunicación natural e da interacción social no seu contorno persoal.

Poden aproveitarse entón todas as vantaxes que incorpora o proceso de aprendizaxe oral nestas idades e redundar na motivación ou enfoque positivo cara á adquisición de novas capacidades e habilidades.

PUNTOS FUNDAMENTAIS

- Creamos o deseño de aprendizaxe partindo dos coñecementos previos dos alumnos.
- Consideramos aos alumnos como protagonistas da súa propia aprendizaxe.
- Respectamos os diferentes ritmos de aprendizaxe na posta en práctica do deseño establecido.
- Contemplamos a avaliación do devandito deseño como un proceso continuado e reflexivo do Equipo Docente.
- Pretendemos que a función do profesor pasase de ser a protagonista dentro da aula a ser a dun guía que dinamiza, facilita e media entre o

desenvolvemento do deseño e as capacidades dos seus alumnos.

- Establecemos unhas rutinas de aula tanto na lingua materna como na lingua estranxeira. Atendendo a dous niveis: o primeiro, entendido como movemento dentro da aula, e o segundo, seguindo rutinas aplicadas á docencia directamente.
- Utilizamos recursos lingüísticos e non lingüísticos nas actividades para facilitar a comprensión (linguaxe corporal, entoación, soporte visual e auditivo).
- O tratamento do erro, así coma a interferencia da primeira lingua entendeuse como parte natural do proceso de aprendizaxe.
- Utilizáronse as novas tecnoloxías (ordenador, pantalla, encerado dixital). Aportouse variedade para atender as “*multiple intelligences*”.
- Aprenderon a traballar con distintas técnicas e materiais diversos.
- Os tipos de agrupamentos foron diversos, e adecuáronse ao tipo de actividades que se desenvolveron, incluíndo o grupo clase, traballo individual, pequenos grupos e parellas, así como agrupamentos flexibles para realizar actividades de reforzo e ampliación.

GRAO DE ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Estamos a traballar dende o área de Plástica todas as competencias:

1.Comunicación Lingüística

Continuouse co proceso de comunicación, iniciado en infantil, a través do uso das fórmulas básicas (saúdos, presentacións, fórmulas sociais...).

Utilizouse o inglés para a obtención de información nova (os contos, vídeos).

Iniciouse a expresión en inglés a través de sinxelas frases relacionadas coa creación que se estaba a desenvolver. Empregaron a linguaxe oral para explicar o proceso de elaboración, o que pretendían facer, e os propios resultados.

2.Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Aprenderon e manexaron conceptos como: tamaños, medidas, uso da regra



para medir e comparar tamaños.

3. Competencia dixital

Traballaron con programas de debuxo sinxelos, utilizamos a pantalla para ver contos e o encerado dixital para facer creacións orixinais.

4. Aprender a aprender

Déronselles ferramentas para deducir significados e así facilitar a comprensión.

5. Competencias sociais e cívicas

Aprenderon a respectar e apreciar o traballo dos/das compañeiros/as, a cumprir as normas para poder levar a cabo o traballo en grupo e por parellas. Aprenderon a valorar e a respectar as creacións propias e alleas.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Fomentamos a liberdade e a creatividade na expresión artística, apreciando e valorando a súas iniciativas.

7. Conciencia e expresións culturais.

Creouse o gusto polo fermoso e o creativo, realizando traballos moi diversos, utilizando desde técnicas básicas ata as novas tecnoloxías e centrándonos sempre no interese polas celebracións propias de países de fala inglesa.

18.3 AVALIACIÓN DO PROXECTO

Para ser coherentes co proxecto e poder obter bos resultados, avaliáronse tres aspectos distintos: o proxecto en sí, a práctica docente e o alumnado.

Para a planificación e posta en marcha do proxecto, os profesores implicados dispuxemos de unha hora semanal, nelas avaliamos o proceso e imos corrixindo e readaptando os diferentes aspectos para a súa mellora. Nesta hora de coordinación botamos en falta a presenza da mestra Emiliana que debido a problemas de horario e necesidades do centro non puido estar presente nas reunións semanais xa que está compartida con outro centro e



precísase moito para atender as necesidades da súa especialidade de Audición e Linguaxe.

O grao de consecución dos obxectivos propostos no proxecto é moi satisfactorio. Os nenos aprenderon a desenvolverse en inglés a través da actividade e do emprego dunha linguaxe funcional que lles permitiu resolver as diferentes situacións o que é especialmente motivador para eles.

No que se refire á practica docente, os mestres que participamos no departamento, revisamos os métodos e as unidades didácticas para adaptalos ás necesidades temporais ou permanentes do alumnado, gustos, preferencias e estilos de aprendizaxe de cada rapaz/a.

En relación ao alumnado, a avaliación foi globalizada e continua. Priorizouse o traballo diario na aula e o esforzo do alumno. O profesorado tivo en conta os logros persoais que observou na aula, e, partindo dunha avaliación inicial e dunhas probas obxectivas, ratificou os niveis de competencia alcanzados polo alumno en cada bloque temático.

A avaliación do alumnado foi responsabilidade dos mestres que levaron a cabo o proxecto.

Para avaliar o proxecto plurilingüe en sí tívose en conta:

- 1 A utilización do inglés como lingua vehicular na área de plástica.
- 2 A aprendizaxe do vocabulario específico da materia: cores, materiais, técnicas...
- 3 A utilización por parte do alumno de frases funcionais e sinxelas relacionadas coas diferentes actividades que se estaban a realizar na aula.
- 4 A actitude do alumno cara ao emprego da lingua inglesa nesta materia.
- 5 O uso da dramatización para representar un tráiler en formato dixital, iniciándose na fotografía, tratamento dixital da imaxe, elaboración de textos que acompañan ao tráiler, ...

- 6 O grao de comprensión das explicacións dadas polo profesor e pola auxiliar de conversa.

Para avaliar os contidos propios da materia de plástica:

- 1 Identificar e descubrir o medio natural e humano en que se desenvolve o alumno.
- 2 Representar obras sinxelas do marco natural e humano con expresividade.
- 3 Saber expresar as experiencias persoais e as sensacións a través dos traballos en Plástica.
- 4 Observar e identificar expresións plásticas en situacións onde a imaxe predomine.
- 5 Crear composicións en dúas ou tres dimensións.
- 6 Usar os debuxos como medio de expresión e representación.
- 7 Aplicar técnicas simples en dúas e tres dimensións, usando a correcta coordinación entre ollo e man.
- 8 Identificar, gozar e xulgar traballos artísticos.
- 9 Crear imaxes de forma espontánea, baseadas en experiencias persoais ou imaxinarias.
- 10 Usar os recursos expresivos de forma persoal.
- 11 Respetar as normas necesarias para crear composicións, tanto a nivel persoal como de equipo.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Sería interesante contar cunha aula de Plástica, dispoñendo así dun espazo máis axeitado e provisto de todas as infraestruturas necesarias (auga, espazo para deixar os trábillos...) para poder experimentar unha maior variedade de técnicas e incluso podelas mostrar a comunidade.

- Propoñemos para o vindeiro curso, visitar algún museo da cidade de A Coruña, algunha exposición itinerante e utilizala como pretexto para desenvolver algún proxecto adicado a un pintor.
- Os/As rapaces maiores poderían organizar algún contacontos sinxelo, en inglés, para os máis pequenos.
- Continuar coa idea de contratar algún grupo de teatro en inglés.
- Valoramos moi positivamente o novo horario da auxiliar que nos posibilitou unha motivadora axuda e exemplo lingüístico e sociocultural para todo o alumnado de Primaria e para case a totalidade do alumnado de educación Infantil.

18.4 IMPLICACIÓN DO PROXECTO NOS PLANS DO CENTRO

PLAN TIC

Familiarizáronse co uso das novas tecnoloxías, usaron programas sinxelos de debuxo e utilizouse a pantalla da aula así como a lousa dixital.

PLAN LECTOR

Celebramos Book Day.

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Hai carteis en inglés nas distintas dependencias do centro e carteis relacionados co aforro de enerxía, o peche de portas...

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

HALLOWEEN (Samaín): os rapaces aportaron os seus traballos para a decoración dos corredores do colexio.

CHRISTMAS (Nadal): elaboraron ornamentos para a árbore de Nadal e fixeron uns renos con rolos de papel, bonecos de neve e árbores de Nadal para decorar o centro.

PEACE DAY: fixeron a silueta dunha pomba e enchérona de puntos de cores.

CELEBRACIÓNS DOS PAISES DE FALA INGLESA: Traballamos a interculturalidade concepto fundamental do PLURILINGÜÍSMO: *Thanks giving*



Day, St. Valentine's day, St. Patrick's Day, Book's Day .

CONCLUSIÓN:

O CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal considera este proxecto moi positivo para toda a comunidade educativa. Os alumnos/as aprenden e poñen en práctica os coñecementos, construíndo frases e perdendo o medo a expresarse nunha lingua diferente á súa. Comprensión e expresión intereractúan bidireccionalmente enriquecendo a bagaxe lingüística e artística duns nenos/as nos que temos postos as nosas esperanzas. Pretendemos que se expresen en calquera das tres linguas con soltura ao finalizar a Educación Primaria.

Implicación dos ciclos nas áreas.

- En 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria impartíuse a plástica en inglés, sendo ben acollido polo alumnado quen, deste xeito, practica a comprensión e a expresión oral. Foi impartido por Martiño Riera, Alba Suárez Varela e Mª Emiliana coa colaboración de outubro a maio da auxiliar de conversa Safiyyah Muhammad.
- En 5º e 6º de Infantil a auxiliar traballou coa mestra de inglés interactuando cos menos/as no seu traballo habitual da clase e contando o conto en inglés.